



## Concello de Bueu

---

DEPARTAMENTO DE URBANISMO

### BANDO DA ALCALDÍA

FELIX JUNCAL NOVAS, alcalde do concello de Bueu, no exercizo das atribucións recoñecidas no artigo 21.1 e) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e consonte dispón o art. 1º do Regulamento de servizos das Corporacións Locais, o Decreto autonómico de 105/2006, de 22 de xuño, polo que se regulan as medidas relativas á prevención de incendios forestais, e a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a todos os veciños do termo municipal e aquelas persoas que transiten polo mesmo,

#### FAI SABER:

Por mor da celebración da víspera da noite de **San Xoan e San Pedro**, nas que se produce o encendido de innumerables fogueiras e en prevención dos perxuízos que a persoas e bens públicos poideran producirse, que:

1º.- Queda prohibida a realización de fogueiras nas praias de Area de Bon, Portomaior, Lagos, e Lapaman, así como no resto dos espazos naturais protexidos do termo municipal.

2º.- Só será autorizable a realización de dúas fogueiras por praia, previa solicitude formulada no rexistro xeral do Concello presentada **antes do 15 de xuño**. Presentarase, no modelo que será facilitado polo Concello, unha comunicación de compromiso de adopción das medidas de seguridade necesarias.

Nos supostos de mais de dúas solicitudes estas serán resoltas por sorteo público.

Será responsable o solicitante, de que nun prazo improrrogable de 48 horas a praia quedará en perfectas condicións de ser utilizada, en atención aos usuarios da mesma.

3º.- O montaxe das fogueiras deberá realizarse en lugares despexados mantendo unha distancia de seguridade como mínimo de 25 metros das edificacións, liñas aéreas de servizos, mobiliario urbano, e vehículos.

4º.- A fogueira non superará unha altura superior de 3 metros en ningún caso. Ubicaranse en buratos, o máis profundos posibles, e debidamente rodeadas de pedras ou unha pequena zanza. Os fogos deberán ser pequenos nun primeiro momento, votaráse a leña progresivamente, e, finalmente, nunca superarán unha dimensión tal que impida sofocalos coa suficiente rapidez cos medios sinalados no apartado 6º.

5º.- Só se queimará material combustíbel sólido, quedando expresamente prohibido a queima de neumáticos, as gomaespumas, os plásticos, os botes de aerosoles de calquera clase, ou calquera outro tipo de residuo inflamable, explosivo ou cuxa combustión poida conlevar a emisión de fumes ou gases, contaminantes ou molestos.

---

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099



## Concello de Bueu

---

6º.- Os organizadores, persoas e responsables das fogueiras deberán ser maiores de idade, coidar os arredores e coñecer o número de teléfono dos servizos de extinción de incendios. **Ante calquera incidencia ou emerxencia deberá avisar inmediatamente ao 085, 112 (gratuito) óu ao teléfono da Policía Local 986 32 00 62 óu 092.**

Teráse a man mangueras, extintores ou, cando menos, auga con capacidade para 20 caldeiros, cos correspondentes baldes e disporase dun pequeno botiquín de primeiros auxilios, especialmente equipado para queimaduras.

7º.- Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo.

8º.- A ubicación das fogueiras non entorpecerán os viais de acceso ou circulación pola zona.

9º.- Os organizadores da fogueira son os responsables da súa total e correcta extinción e ao remate da mesma e antes de abandonar o lugar, os responsables da fogueira coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas.

10º.- Queda prohibido o uso de petardos de calquera clase aos menores de idade.

11º.- Prohíbese a colocación, exhibición de pancartas que no estean expresamente autorizadas.

12º.- Con exceso de vento queda prohibido prender fogueiras.

13º.- Establécese o depósito dunha fianza, en previsión de posibles danos, polo importe de 100€ ( Só no caso de fogueira en terreo público).

14º.- Deberá terse en conta o establecido nos artigos 36 e 37 da Lei 3/2007, de 9 de abril de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, de acordo coa redacción da Lei 7/2012 de 28 de xuño de 2012 de montes de Galicia, en relación aos terreos forestais e zonas de influencia forestal, en redacción dada pola Lei 9/2017, de 26 de decembro.

15.- A Policía Local de Bueu, vixiará rigorosamente o cumprimento destas disposicións, podendo en caso de calquera infracción ou perigo, mesmo meteorolóxico, prohibir o encendido ou ordear a extinción da fogueira.

16º.- Nos casos de que o índice de risco diario de incendio forestal sexa extremo o día da celebración, se entenderán revogadas as autorizacións emitidas con anterioridade.

17º.- O incumprimento do disposto neste **BANDO**, dará lugar ás preceptivas sancións administrativas.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)